



## Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Teoría da educación		Código	652G02001	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Zapico Barbeito, Mª Helena	Correo electrónico	helena.zapico@udc.es		
Profesorado	Zapico Barbeito, Mª Helena	Correo electrónico	helena.zapico@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Teoría da educación constitúe unha das materias de carácter básico que se sitúa no primeiro curso e no primeiro cuatrimestre do Grao en Educación Primaria; un momento particularmente sensible e decisivo no comezo da construción da traxectoria formativa do estudantado universitario, e cuxos contidos e competencias resultan un alicerce pedagóxico esencial sobre o que se irán construíndo os piares da súa cualificación e desenvolvemento profesional. Xunto a outras materias coas que atopamos frutíferas conexións conceptuais e epistemolóxicas ao longo de toda a titulación, pretendemos axudar ao alumnado a analizar e comprender criticamente o fenómeno e procesos educativos dende unha perspectiva reflexiva e teórico-práctica. Afondarase asemade nos principios, fins e valores que orientan a función educadora, así coma no estudo dalgunhas das teorías, correntes e movementos educativos máis relevantes e representativos da nosa época, sen perder de vista a imprescindible defensa permanente dos dereitos da infancia. Deste xeito, ofrecerase unha visión actual e prospectiva dos principais desafíos aos que debe facer fronte a escola do século XXI no marco social e comunitario, achegándonos a algunhas das tendencias innovadoras que se albiscan como alternativas posibles e pedagoxicamente desexables, nomeadamente no contexto do ensino primario. Procurarase, xa que logo, contribuír ?dende un enfoque emancipador, ético e transformador? á construción do pensamento pedagóxico das futuras mestras e mestres, avogando pola recuperación da súa función como intelectuais e creadoras de cultura.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analizar e interpretar o concepto de educación e os diferentes elementos que interveñen no desenvolvemento de todo proceso educativo.	A7 A8 A64		
Comprender e valorar criticamente as dimensións, natureza, funcións e axentes da acción socioeducativa, reflexionando en torno ás súas posibilidades, límites, diversidade e multidimensionalidade.	A8 A9		
Descubrir as finalidades educativas no mundo actual e analizar a función dos axentes educativos na práctica docente, tendo en conta os procesos de interacción e comunicación na aula e as condicións institucionais e normativas que a enmarcan.	A9 A68		
Construír unha comprensión e unha perspectiva práctica, crítica e responsable respecto das diferentes tendencias e institucións educativas contemporáneas e dos procesos de ensino e aprendizaxe, poñendo en relación a teoría coas diferentes prácticas pedagóxicas analizadas.	A22 A64	B19 B21 B22 B24 B25	
Reflexionar sobre as actuais políticas educativas e marcos legislativos vixentes dende unha perspectiva estatal e internacional, determinando o valor, implicacións e consecuencias que delas se desprenden no contexto dun mundo globalizado.	A9 A10		C7



Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e legislativos da actualidade educativa	A10		
Fomentar o pensamento crítico e a capacidade de reflexión sobre as prácticas educativas actuais a partir do estudo de múltiples experiencias de innovación socioeducativa, discernindo as luces e sombras de diferentes teorías e ámbitos da educación na actualidade e identificando as súas orixes e fundamentos pedagóxicos.	A10 A17 A64	B15 B23	
Distinguir e comprender diferentes tendencias pedagóxicas baseadas na aprendizaxe dialóxica e relacional, promovendo accións de educación en valores e coñecendo as principais correntes do pensamento contemporáneo de influencia educativa, así como a súa repercusión na etapa de Educación Primaria.	A1 A2 A8 A14 A17 A64		C1 C3
Entender a complexidade social dos procesos educativos como oportunidade para o desenvolvemento dunha cultura promotora de actitudes cívicas, adquirindo un compromiso na loita a prol de sociedades educativas, nas que se consolide a solidariedade interxeracional comunitaria.	A14 A17 A22 A23 A34	B16 B18	
Desenvolver estratexias favorables á construción dunha cidadanía comprometida e respectuosa cos dereitos humanos, traballando especialmente a prol da defensa do dereito á educación, a equidade, a xustiza social e a igualdade de oportunidades no marco da protección internacional dos dereitos da infancia.	A14 A34	B6	C4
Participar no deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos de innovación e intervencións pedagóxicas que promovan unha cidadanía activa e democrática nas comunidades educativas e poidan contribuír á resolución de problemas socioeducativos actuais, á luz dos referentes teóricos analizados.	A14 A16 A18 A22 A34	B4 B5 B7 B8 B9	C6 C7 C8
Afianzar unha actitude autocrítica, de autorregulación da propia aprendizaxe, e de participación activa, comprometida, rigorosa e responsable, aprendendo a cooperar creativamente en procesos de indagación, construción colaborativa, innovación e mellora.	A34 A64	B1 B2 B3 B14 B17	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Explicación e comprensión do feito educativo: funcións sociais e conceptualización da educación	- A Teoría da educación: niveis de análise e planos explicativos. - Ámbito conceptual: caracterización científica da educación. - Natureza e funcións sociais da educación.
2. Dimensións, fins e principios da educación: escola, sociedade e renovación pedagóxica	- Dimensións presentes en toda práctica educativa. - Fins, valores e principios deontolóxicos da educación - Relacións estruturais entre educación e sociedade: Aprendizaxe Servizo e compromiso cívico. - Aproximación aos paradigmas en educación e aos movementos pedagóxicos contemporáneos.
3. O dereito á educación e a igualdade de oportunidades: políticas educativas estatais e dimensión internacional	- Educación e Estado Social: aspectos xerais do dereito á educación. - Lexislación e dereito á educación: perspectiva estatal e internacional. - Educación, igualdade, liberdade e calidade: o marco da democracia. - Liñas e tendencias educativas globais: do marco legislativo español á dimensión europea da educación.



4. A educación como proceso de comunicación interpersonal: algunhas tendencias pedagóxicas actuais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación e educación: a filosofía educativa de Reggio Emilia como exemplo de pedagogía relacional.</li> <li>- A perspectiva dialóxica: transformando as escolas en Comunidades de Aprendizaxe.</li> <li>- Filosofía para crianzas: formación e valores para unha cidadanía crítica e democrática.</li> </ul>
5. Educación ao longo da vida e sociedade educativa: cidade educadora e perspectiva interxeracional	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A educación ao longo da vida: concepto, necesidade e evolución histórica.</li> <li>- Sociedade educativa e cidade educadora.</li> <li>- Educación e solidariedade interxeracional: construíndo sociedades para tódalas idades.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2 A64	2	0	2
Sesión maxistral	A1 A7 A8 A9 A10 A17 A64 B7 B9 B15 B16 C1	12	0	12
Análise de fontes documentais	A1 A8 A9 A10 B4 B15 B21 B23	2	23	25
Recensión bibliográfica	A1 A9 A22 A34 A64 B4 B14 B15 C1 C7	0	13	13
Estudo de casos	A1 A7 A9 A17 A22 A64 B3 B5 B8 B9 B18 C7	1	9	10
Presentación oral	A16 B5 B7 B8 B9 B14 B24 C1	4	5	9
Traballos tutelados	A1 A7 A9 A16 A17 A18 A22 A34 A64 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B18 B19 B22 B25 C1 C4 C7	0	14	14
Portafolios do alumno	A9 A23 A34 A64 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B17 B18 C1 C3 C6 C8	1	9	10
Proba de ensaio	A9 A22 A64 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B15 B16 C1	2	15	17
Discusión dirixida	A9 A22 A34 A64 B1 B3 B4 B7 B8 B9 B25 C1	6	0	6
Aprendizaxe servizo	A1 A2 A7 A9 A14 A16 A18 A22 A34 A64 A68 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B14 B16 B17 B18 B19 C1 C4 C7	6	18	24
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A7 A8 A9 A17 A22 A34 A64 B19 C4 C7	0	2	2
Atención personalizada		6	0	6



\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Nas primeiras sesións de clase levaranse a cabo actividades de carácter expositivo, por parte do/a profesor/a, nas que se presentará o programa da materia e a dinámica metodolóxica establecida para o mellor desenvolvemento da mesma.
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos da materia diante do alumnado, complementada co uso dos recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e a introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para motivar a reflexión e o diálogo aberto. A obxectivo final pasa pola transmisión de coñecementos e ao tempo facilitar a súa aprendizaxe, potenciando a participación dos/as estudantes na construción significativa do coñecemento.
Análise de fontes documentais	Análise crítica e reflexiva de documentos e fontes relevantes (bibliográficos, lexislativos, audiovisuais, xornalísticos...), o que implica a identificación e comprensión dos aspectos clave en relacións cos contidos da materia, co fin de interpretar e cuestionar a realidade que se nos amosa.
Recensión bibliográfica	Proceso de lectura crítica dun libro, artigo ou calquera outro documento escrito. Comprende ademais da lectura da obra en cuestión, a análise do seu contido, unha crítica e mesmo unha valoración en relación con outros documentos de igual ou parecida natureza.
Estudo de casos	Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias educativas para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia.
Presentación oral	Exposicións de traballos realizados tanto de xeito individual como colectivo, diante do grupo de referencia, procurando tirar algunhas conclusións sobre o problema de investigación, documento ou experiencia abordada.
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela e seguimento por parte da/o docente. Tendo como referencia os contidos e a bibliografía da materia, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, realizarase en grupo (4-5 persoas) un traballo de ampliación sobre un dos 5 bloques temáticos, que contemplará a recensión dun libro, a busca e análise de novas de prensa, e/ou un estudo de caso sobre unha experiencia, un programa ou recurso relacionado.</p> <p>Será preciso desenvolver, como mínimo, dúas sesións de tutoría nas que presentar o guión do traballo e facer o seguimento do mesmo. As datas serán acordadas na aula.</p> <p>Ademais de ser incluído no cartafol, cada grupo expoñerá nunha sesión interactiva, o seu traballo, co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoración.</p> <p>A súa entrega e avaliación terá lugar ao finalizar o cuadrimestre, sendo un traballo final de curso, que require dunha abordaxe completa e holística da materia.</p>
Portafolios do alumno	<p>Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollen os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Realizarase a nivel grupal (entre 4-5 integrantes) e inclúense aquelas actividades indicadas pola/o docente, referentes tanto ás sesións expositivas como interactivas, e que poden abranger: notas de clase, mapas conceptuais, glosarios, recensións de fontes documentais, resumo de eventos científicos e/ou divulgativos... De cada actividade recollerase ademais unha valoración sobre a práctica desenvolvida (contidos abordados, competencias adquiridas, metodoloxía aplicada...). Así mesmo, presentarase ao final unha autoavaliación individual do proceso de aprendizaxe, das competencias adquiridas, do grao de participación e implicación, do tempo dedicado...</p> <p>O cartafol é froito do traballo tutelado e continuo en torno aos diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado ?previo e posterior?, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora, na aula e no horario de tutorías.</p> <p>Ao igual que acontece cos traballos tutelados e por formar estes parte do propio cartafol, a súa entrega e avaliación terá lugar igualmente ao finalizar o cuadrimestre, sendo por tanto un traballo final de curso, que require dunha abordaxe global e integral dos contidos da materia.</p>



Proba de ensaio	<p>Pretende determinar os logros do alumnado en termos de obxectivos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia.</p> <p>Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p> <p>A súa realización terá lugar na data oficial establecida para o exame da materia.</p>
Discusión dirixida	<p>En base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recoller diferentes argumentacións sobre unha temática, favorecendo o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.</p>
Aprendizaxe servizo	<p>Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>Asistencia e participación en actividades de carácter científico e/ou divulgativo (congresos, xornadas, simposios, cursos, conferencias, exposicións...), que teñan relación coa materia. Deben entenderse como unha estratexia complementaria de formación e nunca como substitutiva de outras.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Recensión bibliográfica</p> <p>Portafolios do alumno</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Presentación oral</p> <p>Estudo de casos</p>	<p>Para o desenvolvemento do traballo tutelado principal (no que se inclúe unha recensión bibliográfica e estudo de casos), a súa presentación oral e a realización do cartafol, será preciso participar, como mínimo, en dúas sesións de titorización, nas que facer o seguimento por parte da profesora. Estas sesións serán indicadas na aula.</p> <p>Por outra parte, para superar con éxito a materia, é moi aconsellable, así mesmo, a asistencia ás clases e o seguimento diario dos contidos e actividades propostas. Outras recomendacións útiles para o estudo da materia serían algunhas como: realizar as lecturas previas dos materiais así como as tarefas encomendadas en cada caso seguindo o cronograma previsto e atendendo as indicacións aportadas pola docente; desenvolver unha actitude crítica e reflexiva arredor da materia, para chegares a construír os alicerces acerca dun corpo de coñecementos sobre o eido socioeducativo; ou coidar a exposición, redacción e claridade de contidos nas probas escritas, nas actividades e nos exercicios en grupo, así como no resto de estratexias metodolóxicas propostas.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Portafolios do alumno	A9 A23 A34 A64 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B17 B18 C1 C3 C6 C8	<p>Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollerán os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Recolleranse, como mínimo, o rexistro dunha sesión expositiva (mapa conceptual, glosario, reflexión grupal sobre os contidos, aplicación á Educación Primaria...) e de tres prácticas de sesións interactivas (discusión dirixida, análise de fontes documentais, presentación oral, estudo de caso...), e unha autoavaliación individual en relación ás aprendizaxes e competencias desenvolvidas na materia, o grao de implicación persoal nas actividades e traballos grupais...</p> <p>Na cualificación do cartafol, contéplase o traballo final (15 pto.) e a asistencia a clase (10 pto.).</p> <p>Valorarase a capacidade reflexiva en relación á propia aprendizaxe; a evolución da aprendizaxe reflectida nas prácticas recollidas en relación ao grao de profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros.</p> <p>Ao igual que acontece cos traballos tutelados e por formar estes parte do propio cartafol, a súa entrega e avaliación terá lugar igualmente ao finalizar o cuadrimestre, sendo por tanto un traballo final de curso, que require dunha abordaxe global e integral dos contidos da materia.</p>	25
Traballos tutelados	A1 A7 A9 A16 A17 A18 A22 A34 A64 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B18 B19 B22 B25 C1 C4 C7	<p>Deberá incluír unha recensión sobre un libro relacionado coa temática e un estudo de caso sobre unha experiencia, programa, recurso, etc. Poderase solicitar tamén, de ser o caso, a análise de novas de prensa.</p> <p>Valorarase especialmente: a coherencia interna; a profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros.</p> <p>A súa entrega e avaliación terá lugar ao finalizar o cuadrimestre, sendo un traballo final de curso, que require dunha abordaxe completa e holística da materia.</p>	25
Presentación oral	A16 B5 B7 B8 B9 B14 B24 C1	<p>A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo en tódolos casos.</p> <p>Valorarase: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; o nivel de profundidade na abordaxe da temática que amose a súa comprensión; a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); o uso de recursos...</p>	10
Proba de ensaio	A9 A22 A64 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B15 B16 C1	<p>Pretende determinar os logros do alumnado en termos de obxectivos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia.</p> <p>Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p> <p>A súa realización terá lugar na data oficial establecida para o exame da materia.</p>	40

## Observacións avaliación



- 1.- Para superar a materia é imprescindible ter superadas todas e cada unha das actividades de avaliación. En caso contrario a cualificación será de suspenso. Gardaranse as partes aprobadas durante a convocatoria anual.
- 2.- A asistencia e participación activa e esixente nas dinámicas de aula será considerada de forma positiva no proceso de avaliación.
- 3.- Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada ao inicio do curso para a súa oportuna e axeitada consideración. Para o alumnado que, por razóns debidamente acreditadas, non poida ter unha asistencia sistemática e o faga a tempo parcial, establécense os seguintes criterios de avaliación:  
Recensión e exposición oral dun dos libros da bibliografía básica, que deberá ser acordado coa profesora a principio de curso para a convocatoria de xaneiro, e no comezo do segundo cuadrimestre para a convocatoria de xullo (30%). Proba de ensaio (70%). As pautas e criterios de avaliación están recollidas no Documento de Actividades de Avaliación colgado no Moodle.
- 4.- Para acollerse á modalidade presencial, cómpre ter unha asistencia mínima do 85%.

## Fontes de información



## Bibliografía básica

Alcalde, Ana Isabel et al. (2006). Transformando la escuela: comunidades de aprendizaje. Barcelona: Graó. Andrés, Iñaki et al. (2007). Reevaluar: la evaluación reflexiva en el aula. Barcelona: Octaedro. Apple, Michael W. e Beane, James A. (1999). Escuelas democráticas. Madrid: Morata-Paideia. Asociación Internacional de Ciudades Educadoras (2004). Carta de Ciudades Educadoras. Recuperado de: <http://www.bc.n.es/edcities/aice/Carta%Ciudades%Educadoras.pdf> Ayuste, Ana et al. (2005). Planteamientos de la Pedagogía Crítica: comunicar y transformar. Barcelona: Graó. Barahona, Rodrigo; Gratacós, Joan e Quintana, Gotzón (2013). Centros educativos transformadores. Ciudadanía global y transformación social (pp. 12-30). Madrid: Oxfam Intermón. Battle, Rosser. (2011). ¿De qué hablamos cuando hablamos de aprendizaje servicio? Crítica, 972, 49-54. Battle, Rosser (coord.) (2013). 60 Buenas prácticas de Aprendizaje Servicio. Inventario de experiencias educativas con finalidad social. Bilbao: Zerbikas Fundazioa. Belando-Montoro, María R. (2015). La educación como idea, como hecho y como desafío. En La educación repensada. Dinámicas de continuidad y cambio (pp. 18-35). Madrid: Pirámide. Bernal, José Luis (coord.) (2014). Organización de los centros educativos. LOMCE y políticas neoliberales. Zaragoza: Mira Editores. Cagliari, Paola; Castagnetti, Marina; Gludici, Claudia; Rinaldi, Carla; Vecchi, Vea e Moss, Peter (eds.) (2017). Loris Malaguzzi y las escuelas de Reggio Emilia. Madrid: Morata. Candedo, M<sup>a</sup> Dolores (coord.) (2013). A educación: dereito ou mercadoría?. Santiago de Compostela: Laiovento. Carbonell, Jaume (1996). La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona: Euma-Octaedro. Carbonell, Jaume (2001). La aventura de innovar. El cambio en la escuela. Madrid: Morata. Carbonell, Jaume (2008). Una educación para mañana. Barcelona: Octaedro. Caride, J. Antonio e Meira, Pablo A. (1996). O diálogo paradigmático na Educación Social. Revista Galega de Educación, 27, 16-20. Colom, Antoni J. e Núñez, Luis (2005). Teoría de la Educación. Madrid: Síntesis. Cuesta, Raimundo (2005). Felices y escolarizados. Crítica de la escuela en la era del capitalismo. Barcelona: Octaedro. De Puelles, Manuel (2006). Problemas actuales de política educativa. Madrid: Morata. De Puig, Irene e Sático, Angélica (2010). Jugar a pensar con niños y niñas: ¿por qué?, ¿para qué? Y otras preguntas más. Revista Crearmundos, 8, 6-12. Delors, Jacques (1996). La educación encierra un tesoro. Madrid: Santillana. Ediciones UNESCO. Delval, Juan (1990). Los fines de la educación. Madrid: Siglo XXI. Delval, Juan (2002). La escuela posible. Barcelona: Ariel. Diputación Foral de Bizkaia (2015). Hacia una sociedad intergeneracional: ¿cómo impulsar programas para todas las edades? Bilbao: Centro del Conocimiento de Fundación EDE. Dubet, François (2005). La escuela de las oportunidades. ¿Qué es una escuela justa?. Barcelona: Gedisa. Duthie, Ellen and Martagón, Daniela (2017). Colección Wonder Ponder: filosofía visual para niñas y niños. Madrid: Traje de Lobo. Essomba, Miquel Àngel (2009). Educación en el mundo del mercado global. Los peligros de la cohesión social. Educación Social, 43, 37-58. Esteve, José Manuel (1994). El malestar docente. Barcelona: Paidós. Esteve, José Manuel (2010). Educar: un compromiso con la memoria. Barcelona: Octaedro. Fernández Enguita, Mariano (2001). Educar en tiempos inciertos. Madrid: Morata. Fernández Enguita, Mariano (2004). La escuela a examen. Madrid: Pirámide. Fernández Enguita, Mariano; Mena, Luis e Riviere, Jaime (2010). Fracaso y abandono escolar en España. Barcelona: Obra Social Fundación La Caixa. Flecha, Ramón e Puigvert, L. (2002). Las comunidades de aprendizaje: una apuesta por la igualdad educativa. Rexe: Revista de Estudios y Experiencias en Educación, 1 (1), 11-20. Freire, Paulo (1990). La naturaleza política de la educación. Cultura, poder y liberación. Barcelona: Paidós. Freire, Paulo (2006). El grito manso. Buenos Aires: Siglo XXI. García, Félix; Miranda, Tomás e Sático, Angélica (2010). ¿Qué es lo que subyace en los proyectos Filosofía para niños/as y Noria?. Revista Crearmundos, 8, 13-15. Gimeno, José e Carbonell, Jaume (coords.) (2003). El sistema educativo. Una mirada crítica. Barcelona: CISS-Praxis. Gimeno, José e Pérez Gómez, Ángel I. (2008). Comprender y transformarla enseñanza. Madrid: Morata. González Legaspi, Emilio (2014). Modelo finlandés de educación para todos. Experiencia dunha visita de estudos. Revista Galega de Educación, 59, 70-75. González Pérez, Teresa (ed.) (2015). Reformas educativas y formación de profesores. Madrid: Biblioteca Nueva. Hatton-Yeo, Alan (2007). Programas intergeneracionales, solidaridad intergeneracional y cohesión social. En Mariano Sánchez Martínez (Dir.) Programas intergeneracionales. Hacia una sociedad para todas las edades (pp. 123-140). Barcelona: La Caixa. Hernández, Cándido; Larrauri, José e Mendia, Rafael (2009). Aprendizaje y servicio solidario y desarrollo de competencias básicas. Bilbao: Zerbikas Fundazioa. Imberón, Francisco (coord.) (2009). La educación en el siglo XXI. Los retos del futuro inmediato. Barcelona: Graó. Imberón, Francesc e Majó, Joan (coords.) (2002). Cinco ciudadanías para una nueva educación. Barcelona: Graó. Kaplún, Mario (1998). Una pedagogía de la comunicación. Madrid: Ediciones de la Torre. Malaguzzi, Loris (2011). La educación infantil en Reggio Emilia. Barcelona: Octaedro. Meirieu, Philippe (1998). Frankenstein educador. Barcelona: Laertes. Meirieu, Philippe (2017). Carta a un profesor mozo.





Pontevedra: Kalandraka. Merma Molina, Gladys (2018). Teoría e historia de la Educación. Apuntes para la formación inicial del profesorado. Alicante: Publicacions Universitat Alacant. Morin, Edgar (2001). Los siete saberes necesarios para la educación del futuro. Barcelona: Paidós. Muñoz, José Manuel (coord.) (2011). Temas relevantes en Teoría de la educación. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca. Negrín, Olegario e Vergara, Javier (2003). Teorías e Instituciones Contemporáneas de educación. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces. Orte, Carmen e Vives, Marta (eds.) (2016). Compartir la infancia. Proyectos intergeneracionales en las escuelas. Madrid: Octaedro. Ossenbach, Gabriela (coord.) (2011). Corrientes e instituciones educativas contemporáneas. Madrid: UNED. Pacheco, José (2018). Fazendo a Ponte. Revista Galega de Educación, 40, 74-81. Pozo Andrés, María del Mar (2009). Teorías e instituciones contemporáneas de educación. Madrid: Biblioteca Nueva. Puig, Josep M. (coord.) (2009). Aprendizaje servicio (ApS). Educación y compromiso cívico. Barcelona: Graó. Racionero, Sara; Ortega, Sara; García, Rocío e Flecha, Ramón (2013). Aprendiendo contigo. Barcelona: Hipatia. Rouco, Javier (2011). As cen linguaxes da infancia. Desenvolvemento dun Proxecto Comenius ao redor da experiencia educativa de Reggio Emilia. Revista Galega de Educación, 49, 78-80. Sástiro, Angélica (2006). Jugar a pensar con mitos (6-9 años). Barcelona: Octaedro. Sástiro, Angélica (2010). Jugar a pensar con leyendas y cuentos (7-8 años). Barcelona: Octaedro. Tonucci, Francesco (2014). A cidade dos nenos. Pontevedra: Kalandraka. Torreblanca, José (coord.) (2002). Los fines de la educación. Una reflexión desde la Izquierda. Madrid: Biblioteca Nueva. Torres, Jurjo (2006). La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata. Trilla, Jaume (coord.) (2001). El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del siglo XXI. Barcelona: Graó. Varela, Julia (2007). Las reformas educativas a debate. Madrid: Morata. Vecchi, Vea (2013). Arte y creatividad en Reggio Emilia: el papel de los talleres y sus posibilidades en educación infantil. Madrid: Morata. VV. AA. (1995). Volver a pensar la educación. Madrid: Morata e A Coruña: Paideia. VV. AA. (2000). Pedagogías del siglo XX. Barcelona: CISS-Praxis.\* Lexislación básica: Declaración Universal dos Dereitos Humanos, 10 de decembro de 1948. Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos da Infancia (1989). Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación. Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de Educación. Lei Orgánica 8/2013, de 10 de Decembro, para a Mellora da Calidade Educativa. Lei Orgánica 3/2020, de 29 de Decembro - LOMLOE.



## Bibliografía complementaria

Alfieri, Fiorenzo (1990). El papel de las instituciones locales en el sistema formativo integrado. En Ajuntament de Barcelona (ed.), La Ciudad Educadora. I Congrés Internacional de Ciutats Educadores (pp.163-172). Barcelona. Aldecoa, Josefina (1991). Historia de una maestra. Madrid: Anagrama. Alonso, Alicia (2008). Las leyes educativas de la democracia. Descripción y contraste 1985-2006. Madrid: Acción educativa y Ministerio de Educación, Política Social y Deporte. Alumnos de la Escuela de Barbiana (1982). Carta a una maestra. Barcelona: Hogar del Libro. Álvarez-Uría, Fernando e Varela, Julia (1991). Arqueología de la escuela. Madrid: La Piqueta. Álvarez-Uría, Fernández e Varela, Julia (2009). Sociología de las instituciones: bases sociales y culturales de la conducta. Madrid: Morata. Apple, Michael W. (1996). Política cultural y educación. Madrid: Dykinson. Area Carracedo, Ramón e Vila Pillado, Luís (2009). Arquitecturas da infancia: escenarios e teatros na construción social da infancia. Bertamirán: Laiovento. Arqués, M. Carme (2013). Proyecto Intergeneracional en las escuelas. Aula de innovación educativa, 219, 37-42. Assmann, Hugo (2002). Placer y ternura en la educación hacia una sociedad aprendiente. Madrid: Narcea. Aubert, Adriana (2004). Dialogar y transformar. Pedagogía crítica del siglo XXI. Barcelona: Graó. Barreiro, Herminio e Terrón, Aida (2005). La institución escolar: una creación del estado moderno. Barcelona: Octaedro. Bauman, Zygmunt (2007). Los retos de la educación en la modernidad líquida. Barcelona: Gedisa. Benner, Dietrich (1998). Pedagogía como ciencia. Teoría reflexiva de la acción y reforma de la praxis. Barcelona: Pomares-Corredor. Bernard, Miriam e Ellis, Stephen W. (2007). ¿Cómo sabes que la práctica intergeneracional funciona? Guía para iniciarse en la evaluación de la práctica intergeneracional. En Mariano Sánchez Martínez (dir.) La evaluación de los programas intergeneracionales (p. 132-146). Madrid: IMSERSO. Carbonell, Jaume (2009). La vida escolar en un curso: cosas que no siempre se explican. Barcelona: Graó. Carbonell, Jaume e Tort, Antoni (2006). La educación y su representación en los medios. Madrid: Morata. Carbonell, Marta e García, Anna-Llibertat (2012). ¿Cómo se articula una acción de incidencia política desde el aula? Kaidara. Red de educadores y educadoras para una ciudadanía global. Carr, Wilfred (2002). Una teoría para la educación. Hacia una investigación educativa crítica. Madrid: Morata. Carreño, Miryam (coord.) (2008). Teorías e instituciones contemporáneas de educación. Madrid: Síntesis. Casas, Montserrat e Botella, Juan (2003). La democracia y sus retos en el siglo XXI. Elementos para la formación democrática de los jóvenes. Barcelona: Praxis. Castro, M<sup>a</sup> Montserrat.; Rodríguez, Xesús e Zapico, María Helena (coords.) (2013). Materiais didácticos e experiencias educativas innovadoras. A Coruña: Editorial Toxosoutos. Cela, Jaume e Palou, Juli (1994). Con voz de maestro. Madrid: Celeste. Centre Promotor d'Aprentatge Servei e Zerbikas Fundazioa (2010). ¡Práctica APS! Guía práctica de aprendizaje-servicio para jóvenes. Bilbao: Zerbikas Fundazioa. Comisión Europea (2007). Competencias clave para el aprendizaje permanente. Un marco de referencia europeo. Luxemburgo: Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas. Comisión Europea (2011). Guía de ideas para la planificación y aplicación de proyectos intergeneracionales. Juntos: ayer, hoy y mañana. Proyecto MATES. Mainstreaming Intergenerational Solidarity (Solidaridad para la Integración Intergeneracional). Lifelong Learning Programme. Comisión Europea (2015). Objetivos Europa 2020. Recuperado de: [http://ec.europa.eu/europe2020/europe-2020-in-a-nutshell/targets/index\\_es.htm](http://ec.europa.eu/europe2020/europe-2020-in-a-nutshell/targets/index_es.htm). Colom, Antoni J. (1997). Teorías e instituciones contemporáneas de la educación. Barcelona: Ariel. Cortina, Adela (coord.) (2000). La educación y los valores. Madrid: Biblioteca Nueva. Cortina, Adela (2003). Ciudadanos del mundo, hacia una teoría de la ciudadanía. Madrid: Alianza Editorial. Costa, Antón (2009). A construción do coñecemento pedagóxico: antecedentes e desenvolvementos no século XX. Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. De la Garza, M<sup>a</sup> Teresa (1995). Educación y democracia. Aplicación de la teoría de la comunicación a la construcción del conocimiento en el aula. Madrid: Visor. De Puelles, Manuel (2012). Elementos de política de la educación. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia. De Puig, Irene (2004). Pensar, Percibir, Sentir y Pensar. Barcelona: Octaedro. Delgado, Buenaventura (1998). Historia de la infancia. Barcelona: Ariel. Delval, Juan (2000). Aprender en la vida y en la escuela. Madrid: Morata. Dewey, John (1995). Democracia y educación. Madrid: Morata. Díez, Carmen (2002). El piso de abajo de la escuela: los afectos y las emociones en el día a día de la escuela infantil. Barcelona: Graó. Díez-Palomar, Javier e Flecha, Ramón (coord.) (2010). Monográfico Comunidades de Aprendizaje. Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 67 (24,1). Escolano, Agustín (2002). La educación en la España contemporánea. Políticas educativas, escolarización y culturas pedagógicas. Madrid: Biblioteca Nueva. Fernández Soria, Juan Manuel (1996). Educación y Estado en la España contemporánea. Madrid: Síntesis. Ferrer i Guardia, Francisco (1976). La Escuela Moderna. Madrid: Júcar. Ferrero, Juan José (1994). Teoría de la educación: Lecciones y lecturas. Bilbao: Universidad de Deusto. Freinet, Célestin (1992). Técnicas



Freinet de la Escuela Moderna. Madrid: Siglo XXI. Freire, Paulo (1970). Pedagogía del oprimido. Madrid: S.XXI. Freire, Paulo (1997). A la sombra de este árbol. Barcelona: El Roure. Filho, Lourenço (1992). Introducción al estudio de la Escuela Nueva. Buenos Aires: Kapelusz. Fisher, Robert (2013). Diálogo creativo: hablar para pensar en el aula. Madrid: Morata. Gárate, María del Carmen; González, Jordi e Mora, Montserrat (2005). Aprender con las personas mayores. Las personas mayores en la escuela. Los niños y las niñas con las personas mayores. Revista Aula de Innovación Educativa, 141, 50-55. García Aretio, Lorenzo (1989). La Educación. Teorías y conceptos. Perspectiva integradora. Madrid: Paraninfo. García Aretio, Lorenzo; Ruiz, Marta e García Blanco, Miriam (2009). Claves para la educación: actores, agentes y escenarios en la sociedad actual. Madrid: UNED. García Carrasco, Joaquín e García del Dujo, Ángel (2001). Teoría de la educación. Procesos primarios de formación del pensamiento y la acción. Salamanca: Universidad de Salamanca. García Mínguez, Jesús e Bedmar, Matías (2002). Hacia la educación intergeneracional. Madrid: Dykinson. García Moriyón, Félix (coord.) (2002). Matthew Lipman: filosofía y educación. Madrid: Ediciones de la Torre. García Riveroll, Ximena (2012). La Filosofía para Niños de Matthew Lipman como programa para desarrollar la imaginación, la indagación y el diálogo como habilidades del pensamiento crítico. México DF: Universidad Pedagógica Nacional. Gimeno, José (2003). El alumno como invención. Madrid: Morata. Gimeno, José (2005). La educación obligatoria: su sentido educativo y social. Madrid: Morata. Guerrero, Antonio (1996). Funciones sociales de la educación. En Manual de sociología de la educación (pp. 103-119). Madrid: Síntesis. Guttman, Amy (2001). La educación democrática. Una teoría política de la educación. Barcelona: Paidós. Hargreaves, Andy (1996). Profesorado, cultura y posmodernidad. Madrid: Morata. Illich, Ivan (1974). La sociedad desescolarizada. Barcelona: Seix Barral. Imbernón, Francesc e Majó, Joan (coords.) (2002). Cinco ciudadanía para una nueva educación. Barcelona: Graó. Jaku-Shivonen, Ritva e Niemi, Hannele (edits.) (2011). Aprender de Finlandia: la apuesta por un profesorado investigador. Madrid: Kaleida. Jover, Gonzalo e Thoilliez, Bianca (2010). Cuatro décadas de Teoría de la Educación: ¿una ecuación imposible?. Teoría de la Educación. Revista Interuniversitaria, 22 (1), 43-64. Liisa Jääskeläinen & Tarja Repo (eds.) (2011). Schools Reaching out to a Global World. What competences do global citizens need? Helsinki: Finnish National Board of Education. Lipman, Matthew (2016). El lugar del pensamiento en la educación. Barcelona: Octaedro. Llopis, Rodolfo (2005). La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección General de Primera Enseñanza. Madrid: Biblioteca Nueva. Loureiro, Carmen; Merino, Jesús; Rivas, Nita e Gómez, Lidia (s.d.). Proxecto Miroscopio: Fundamentación pedagógica. Luengo, Julián (2009). La educación como objeto de conocimiento. El concepto de Educación. En María del Mar del Pozo Andrés (edit.), Teorías e instituciones contemporáneas de educación (pp. 46-60). Madrid: Biblioteca Nueva. Makarenko, Antón S. (1967). Poema pedagógico. Barcelona: Planeta. Martín García, Xus e Rubio Serrano, Laura (2010). Prácticas de ciudadanía. Diez experiencias de aprendizaje servicio. Barcelona: Octaedro. Martín García, Xus (2016). Proyectos con alma: trabajo por proyectos con servicio a la comunidad. Barcelona: Graó. Martínez Heredia, Nazaret e Rodríguez García, Antonio Manuel (2018). Educación intergeneracional: un nuevo reto para la formación del profesorado. REXE: Revista de estudios y experiencias en educación, 17 (33), 113-124. McCourt, Frank (2006). El profesor. Madrid: Maeva. Medina, Rogelio; Rodríguez, Teófilo; García Aretio, Lorenzo (2000). Teoría de la educación. Madrid: UNED. Meirieu, Philippe (2001). La opción de educar. Ética y pedagogía. Madrid: Octaedro. Moore, T. W. (1980). Introducción a la teoría de la educación. Madrid: Alianza. Morilla, Elena (2011). Filosofía para niños. Cuadernos de Pedagogía [Recurso electrónico]. Madrid: Wolters Kluwer. Naval Durán, Concepción (2008). Teoría de la educación: un análisis epistemológico. Barañáin: Eunsa. Negrín, Olegario e Vergara, Javier (2005). Antología de textos de Teorías e Instituciones Contemporáneas de educación. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces. Neill, Alexander Sutherland (1994). El nuevo Summerhill. México: FCE. Nussbaum, Martha C. (2012). Crear capacidades: propuesta para el desarrollo humano. Barcelona: Paidós. Orte, Carmen et al. (2017). Relaciones intergeneracionales en la escuela: el proyecto? Compartir la infancia?. En VV.AA., Actas del Congreso Internacional de Pedagogía Social. Pedagogía Social y Desarrollo Humano (pp. 124-132). Universidad de Sevilla. Palacios, Jesús (1988). La cuestión escolar. Críticas y alternativas. Barcelona: Laia. Pennac, Daniel (2008). Mal de escuela. Barcelona: Mondadori. Popkewitz, Thomas S. (1994). Sociología política de las reformas educativas. Madrid, Morata. Pose, Héctor M. (2006). La cultura en las ciudades: un quehacer cívico-social. Barcelona: Graó. Pring, Richard (2016). Una Filosofía de la Educación políticamente incómoda. Madrid: Narcea. Puig, Josep M. (2011). Aprendizaje-servicio y Educación para la Ciudadanía. Revista de Educación, número extraordinario 2011, 45-67. Reboredo Pena, Severina; Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel e Zapico Barbeito, María Helena. (2009). A viaxe de Ulo. Material didáctico Proxecto terra ? 3º



de Educación Primaria. Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Rinaldi, Carla(2014). En diálogo con Reggio Emilia: escuchar, investigar, aprender. Lima: Grupo Editorial Norma. Rizvi, Fazal e Bob Lingard (2013). Políticas educativas en un mundo globalizado. Madrid: Morata. Robinson, Ken (2015). Escuelas creativas: la revolución que está transformando la educación. Barcelona: Grijalbo. Romero de Ávila, Sebastián G. (2015). La pedagogía Freinet. Principios de Técnicas de Trabajo. Madrid: Movimiento Cooperativo de Escuela Popular. Rousseau, Jean-Jacques (2005). Emilio o de la educación. Madrid: Alianza. Ruiz, Aurora (2002). La escuela pública. El papel del Estado en la educación. Madrid: Biblioteca Nueva. Santos Guerra, Miguel Ángel (2008). La pedagogía contra Frankenstein. Y otros textos frente al desaliento educativo. Barcelona: Graó. Savater, Fernando (1997). El valor de educar. Barcelona: Ariel. Salas, Flora Eugenia; Román, Rebeca; García, Violeta e García Carrasco, Joaquín(2011). Teoría de la Educación en la Sociedad de la Información y el Conocimiento. En José Manuel Muñoz (coord.), Temas relevantes en Teoría de la educación (pp. 116-138). Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca. Santos Rego, Miguel Ángel (ed.) (2009). Políticas educativas y compromiso social. El progreso de la equidad y la calidad. Barcelona: Octaedro. Sánchez Arbós, María(2007). Una escuela soñada. Textos. Madrid: Biblioteca Nueva. Sánchez, Mariano; Kaplan, Matthew e Sáez, Juan (2010). Programas intergeneracionales. Guía introductoria. Madrid: IMSERSO. Sarramona, Jaume (2008). Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica. Barcelona: Ariel. Sarramona, Jaume; Colom, Antoni J. e Vázquez Gómez, Gonzalo (1998). Educación no formal. Barcelona: Ariel. Sellés Pons, M. Àngels (2008). ¿Dónde radica el éxito del sistema educativo finlandés?. Revista Aula de Innovación Educativa, 175, 65-68. Sotelo, Ignacio (1995). Educación y democracia. En VV.AA, Volver a pensar la educación, Volumen I: Política, educación y sociedad (pp.34-59). Madrid: Morata e A Coruña: Paideia. Taibo, Carlos (dir)(2010). Decrecimientos. Sobre lo que hay que cambiar en la vida cotidiana. Madrid: Catarata. Tiana, Alejandro; Ossenbach, Gabriela e Sanz, Florentino (coords.) (2002). Historia de la educación (Edad Contemporánea). Madrid: UNED. Tonucci, Francesco (2013). FRATO: 40 años con ojos de niño. Barcelona: Graó. Touriñán, José Manuel e Sáez, Rafael (2012). Teoría de la educación, metodología y focalizaciones. La mirada pedagógica. Oleiros (ACoruña): Netniblo. Torres, Jurjo (2011). La justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar. Madrid: Morata. Trilla, Jaume (2003). La educación fuera de la escuela. Ámbitos no formales y educación social. Barcelona: Ariel Educación. Trillo, Felipe (1994). El profesorado y el desarrollo curricular: tres estilos de hacer escuela. Cuadernos de Pedagogía, 228, 70-74. Valle, Javier M.(2006). La Unión Europea y su política educativa. Madrid: MEC. Vera, Julio (2012). Hacia una teoría de la educación para nuevos modos y nuevos contextos de aprendizaje. En Lorenzo García Aretio (edit). Sociedad del Conocimiento y Educación (pp. 367-372). Madrid: UNED. Villena Higuera, José Luis e Molina Fernández, Elvira (coords.) (2015). Ciudades con vida: infancia, participación y movilidad. Barcelona: Graó. Viñao, Antonio (2004). Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX. Madrid: Marcial Pons. Vitón, María Jesús (2012). Teoría y política de la educación. Reflexiones para el proceso formativo. Madrid: Catarata. VV.AA. (2003). La participación de los padres y madres en la escuela. Barcelona: Graó.\* Revistas pedagógicas: Aula de Innovación Educativa. Editorial Graó. Cuadernos de Pedagogía. Wolters Kluwer. Educational Theory. University of Illinois. Historia de la educación. Revista interuniversitaria. Universidad de Salamanca. Pedagogía Social. Revista interuniversitaria. Asociación Iberoamericana de Pedagogía Social. Revista española de educación comparada. UNED. Revista Galega de Educación. Nova Escola Galega. Revista Galega do Ensino ? Eduga. Xunta de Galicia. Revista Portuguesa de Pedagogía. Universidade de Coimbra. Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación. Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela. Teoría de la educación. Revista Interuniversitaria. Universidad de Salamanca. Theory and Research in Education. SAGE Journals. Theory Into Practice. Ohio State University?s College of Education.



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

É obrigatorio o envío da ficha de identificación persoal para todo o alumnado antes do 1 de outubro do ano en curso. Non se admitirán traballos dos que a profesora non teña constancia da súa realización. Seguiranse en cada caso as indicacións dadas na aula para a realización dos traballos e actividades de avaliación, que tamén se atoparán colgadas no Moodle. Os traballos presentaranse en formato dixital e sempre axeitadamente identificados (nome da alumna/o, curso, grupo, equipo, materia e nome da docente). Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Igualmente, débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En consonancia coa integración dunha perspectiva feminista nesta materia, traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías